

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio

Para os efectos oportunos publícase que a Corporación Provincial, na sesión do 25 de setembro de 2015, aprobou as bases para a elaboración e execución do Plan provincial 2016, co seguinte contido:

Aprobación das bases para a elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2016.

1.- Aprobación das bases para a elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2016, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2016.

2ª) Estrutura do Plan Provincial de Cooperación 2016. Distribución dos investimentos por concellos.

1. O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2016 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

2. O Plan Provincial 2016, tanto no apartado da rede viaria provincial coma no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:

Obras municipais:

- Deputación Provincial: 100,00 %

Obras da Rede Viaria Provincial:

- Deputación Provincial: 100 %

3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, inclúiranse igualmente no Plan Provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento prevista no Plan Provincial 2016 é a seguinte:

a) Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 2.000.000,00 €

Achega da Deputación á RVP (100%): 2.000.000,00 €

b) Investimento total previsto en obras municipais: 5.132.250,00 €, dos cales 4.856.250 € destinados á execución material das obras e 276.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das obras.

Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 5.132.250,00 €

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello da provincia dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 55.500,00 €; da dita cantidade, 52.500,00 € destinaranse ao financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € ao financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan deberanse incluír, obrigatoriamente, obras adicionais, por importe de polo menos 52.500,00 €, para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no plan segundo o establecido nesta base.

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adjudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ao financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de ser o caso, reintegraranse ao concello respectivo.

3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.

1. Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma, e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª.

2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ao presidente da Deputación, e deberán ter entrada no Rexistro Xeral de documentos da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ata o 26 de novembro de 2015 inclusive. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a seguinte documentación:

- Certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, na que soliciten a inclusión das obras no Plan Provincial e, de ser o caso, a delegación da competencia para a súa contratación. No suposto en que o órgano municipal competente non fose o alcalde, e por razóns de urxencia non fose posible a adopción do acordo polo dito órgano competente antes do 26 de novembro de 2015, admitirase a presentación dunha resolución da Alcaldía, condicionada á adopción, antes do 4 de decembro de 2015, do correspondente acordo de ratificación polo órgano municipal competente.

- Modelo de solicitude, debidamente cuberto, con indicación de persoa de contacto e enderezo de correo electrónico para os efectos de librar comunicacións.

Na solicitude e no acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

a) A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.

b) Nas actuacións plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.

c) Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.

d) Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como “abastecemento e pavimentación en..”).

e) No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.

4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2016, que será sometido ao ditame da Comisión Informativa de Plans Provinciais, Vías e Obras e Cooperación, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2016.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicaralles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixa as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese concello no Plan Provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

4ª) Tramitación do Plan Provincial:

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación publicará esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

As modificacións relativas ás obras municipais que teñan que tramitarse a instancias dos concellos respectivos logo da aprobación definitiva do plan (tales coma modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial.

5ª) Execución do Plan Provincial:

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial coma ás obras municipais, corresponderalle á Deputación Provincial mediante a contratación das ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe superior ao 50% do financiamento comprometido pola Deputación Provincial para execución material das obras (52.500,00 € por termo municipal), poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo o Plan Provincial.

A Deputación Provincial (e, se é o caso, os concellos) deberán adxudicar as obras antes do 30 de xullo de 2016 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2016; non obstante o anterior, e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, poderá acordarse a prórroga do prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, cun máximo dun ano contado desde a data da súa adxudicación.

A contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos e a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizaraa a central de contratación da Deputación con cargo ao crédito consignado con tal fin nestas bases. Non obstante o anterior, entenderase delegada a competencia para a contratación das ditas asistencias técnicas a favor daqueles concellos que, en consideración ao investimento municipal comprometido, teñan solicitado a delegación da competencia para a contratación das obras.

6ª) Execución das obras pola Deputación

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.

2. Para a contratación das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprir, antes do 29 de abril de 2016, os seguintes trámites:

➤ Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente que conteña as seguintes determinacións:

a) Aprobación do proxecto técnico de obras.

b) Declaración expresa de que a actuación proposta cumpre coa lexislación e a ordenación urbanística aplicable e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais non será necesario que o acordo municipal contemple este extremo, tramitando de oficio a Deputación a correspondente autorización.

c) Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.

➤ Remisión da acta de replanteo (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.

7ª) Execución das obras por delegación

Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán remitir á deputación, antes do 29 de abril de 2016, os documentos relacionados no apartado segundo da base anterior (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da deputación) xunto co proxecto técnico correspondente -para os ditos efectos, a solicitude de delegación de competencia para a contratación das obras levará implícita, consonte coa base 5ª, a delegación da competencia para a contratación da redacción do pertinente proxecto técnico e as demais asistencias técnicas complementarias á execución das obras- e o compromiso de efectuar as achegas precisas para o financiamento da actuación na contía necesaria para completar a achega provincial.

Logo de verificada a corrección e suficiencia da documentación achegada, previo o informe favorable da oficina provincial de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e comprometida a achega municipal na porcentaxe esixida para os ditos efectos, concederáse por resolución da Presidencia a delegación da competencia para a contratación das obras.

A Deputación librará o 75% da súa achega á remisión do certificado acreditativo da adjudicación das obras e de formalización do pertinente contrato. O 25% restante librarase coa achega do certificado de finalización das obras xunto coa acta de recepción e a foto do cartel de obra consonte co modelo aprobado para os ditos efectos por esta Deputación.

8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicarlle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custos derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

9ª) Réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta

Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo ou parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 52.500,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula achegarase antes do 1 de decembro de 2016 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2014 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.

Así mesmo, os concellos cuxo nivel de endebedamento fose superior ao 110% no ano 2014 poderán dispoñer desta cantidade para pagamento de débeda.

10ª) Réxime especial para a Entidade Local Menor de Berán

A Entidade Local Menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 26.250,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de ser o caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade previa a xustificación de atoparse incurso en situación de insuficiencia financeira manifesta.

II.- Ordenar a publicación das bases no BOP de Ourense, para coñecemento dos concellos e entidades locais interesados.

Publícase isto e advírtese que contra este acordo as entidades locais interesadas poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderán formular requirimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de 2 meses e con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte á publicación deste anuncio, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, -no caso de que se formule o requirimento previo-, se contará desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso sobre o dito requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado.

Ourense, 30 de setembro de 2015. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

Diputación Provincial de Ourense

A los efectos oportunos se publica que la Corporación Provincial, en la sesión de 25 de septiembre de 2015, ha aprobado las bases para la elaboración y ejecución del Plan Provincial 2016, con el siguiente contenido:

Aprobación de las bases para la elaboración y ejecución del Plan Provincial de Cooperación a las Obras y Servicios Municipales y de la Red Viaria Provincial para el ejercicio 2016.

1.- Aprobar las bases para la elaboración y ejecución del Plan Provincial de Cooperación a las Obras y Servicios Municipales y de la Red Viaria Provincial para el ejercicio 2016, con el siguiente tenor literal:

1ª) Objeto

Constituye el objeto de las presentes bases de la regulación de los procedimientos de elaboración y ejecución del Plan Provincial de Cooperación a las Obras y Servicios Municipales y de la Red Viaria Provincial para el ejercicio 2016.

2ª) Estructura del Plan Provincial de Cooperación 2016. Distribución de las inversiones por ayuntamientos

1. El Plan Provincial de Cooperación para las Obras y Servicios Municipales para el ejercicio 2016 comprenderá las siguientes clases de inversiones.

- Inversiones en obras de mejora y conservación de la red viaria provincial, de titularidad de la Diputación Provincial.

- Inversiones en obras de competencia municipal, preferentemente las necesarias para la efectiva prestación de los servicios municipales obligatorios enumerados en el artículo 26 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local, modificada por Ley 27/2013, del 27 de diciembre, de Racionalización y Sustentabilidad de la Administración Local.

2. El Plan Provincial 2016, tanto en el apartado de la red viaria provincial como en lo relativo a las obras municipales (en este caso hasta el importe máximo establecido para cada término municipal en estas bases) será financiado en su integridad por la Diputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia el siguiente cuadro básico de financiación:

Obras municipales:

- Diputación Provincial: 100,00 %

Obras de la Red Viaria Provincial:

- Diputación Provincial: 100 %

3. No obstante, en el caso de las obras municipales, los ayuntamientos voluntariamente podrán efectuar ayudas adicionales para la financiación de las obras, alterándose automáticamente el cuadro de financiación en esos supuestos. Por otro lado, se incluirán igualmente en el Plan Provincial, todas aquellas obras para las que los ayuntamientos soliciten su inclusión, dotadas de financiación exclusivamente municipal o procedente de otras administraciones públicas, a los efectos de obtener la declaración de utilidad pública de cara a posibilitar la obtención de terrenos mediante expropiación forzosa.

4. La distribución de la inversión prevista en el Plan Provincial 2016 es la siguiente:

a) Inversión total prevista en la Red Viaria Provincial: 2.000.000,00 €

Aportación de la Diputación a la RVP (100%): 2.000.000,00 €

b) Inversión total prevista en obras municipales: 5.132.250,00 €, de las cuales 4.856.250 € destinados a la ejecución material de las obras y 276.000,00 € destinados a servicios complementarios para la ejecución de las obras.

Subvención Diputación obras municipales (100,00 %): 5.132.250,00 €

5. La distribución territorial por ayuntamientos de la inversión en obras municipales se efectuará mediante la asignación a cada ayuntamiento de provincia de una cuota alícuota de inversión subvencionado, resultando una inversión por término municipal de 55.500,00 €; de dicha cantidad, 52.500,00 € se destinarán a la financiación de los contratos de ejecución material de las obras y 3.000,00 € a la financiación de los contratos de servicios complementarios a la ejecución de las obras (con especial consideración de las asistencias técnicas para la redacción de proyectos, la dirección facultativa y la coordinación de seguridad y salud de las actuaciones).

La inversión con cargo a fondos provinciales asignada a cada ayuntamiento podrá dedicarse a una o a varias obras, la elección de los ayuntamientos, pudiendo suponer su financiación íntegra o parcial, siempre y cuando las obras correspondan a las competencias municipales.

Sin perjuicio de lo anterior, y tal y como se señala en el apartado 3, podrán incluirse inversiones de la cuantía superior a la aportación provincial, correspondientes a la misma obra o a obras subvencionadas o a otras obras, siempre y cuando el ayuntamiento adjunte el financiamiento complementario necesario.

6. En el plan se deberán incluir, obligatoriamente, obras adicionales, por importe de por lo menos 52.500,00 €, para la utilización de remanentes producidos por la anulación de obras. Dichas obras deben cumplir los requisitos necesarios para ser incluidas en el Plan según lo establecido en esta base.

7. Los remanentes de las ayudas provinciales obtenidos por bajas en la adjudicación de las obras (tanto municipales como de la red viaria provincial), se destinarán en su integridad a la financiación de obras de la red viaria provincial; las remanentes de las aportaciones municipales, en su caso, se reintegrarán al ayuntamiento respectivo.

3ª) Solicitudes de los ayuntamientos: plazos y documentación

1. Solicitudes: requisitos generales

Con el fin de garantizar el derecho de los municipios a la participación en la elaboración del Plan, éstos podrán formular solicitudes para la inclusión de obras. Dichas solicitudes serán aceptadas obligatoriamente por la Diputación Provincial, siempre que se formulen en tiempo y forma, y las obras reúnan los requisitos establecidos en la base 2ª.

2. Plazo de presentación de solicitudes

Las solicitudes deberán dirigirse al presidente de la Diputación, y deberán tener entrada en el Registro General de documentos de la Diputación o en cualquiera de los lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, hasta el 26 de noviembre de 2015 inclusive. Este plazo tendrá carácter improrrogable. La falta de formulación de la solicitud en plazo dará lugar a la pérdida del derecho a la participación en el Plan Provincial.

3. Documentación de las solicitudes.

Las solicitudes deberán incluir la siguiente documentación:

- Certificación del acuerdo adoptado por el órgano municipal competente, solicitando la inclusión de las obras en el plan provincial y, en su caso, la delegación de competencia para su contratación. En el supuesto en que el órgano municipal competente no fuese el alcalde, y por razones de urgencia no fuese posible la adopción del acuerdo por dicho órgano competente antes del 26 de noviembre de 2015, se admitirá la presentación de una resolución del alcalde, condicionada a la adopción, antes del 4 de diciembre de 2015, del correspondiente acuerdo de ratificación por el órgano municipal competente.

- Modelo de solicitud, debidamente cubierto, con indicación de persona de contacto y dirección de correo electrónico a los efectos de practicar comunicaciones.

En la solicitud y en el acuerdo deben figurar la denominación descriptiva de las obras y su presupuesto total, teniendo en cuenta las siguientes reglas:

a) La denominación de las obras deberá ser concreta y lo suficientemente descriptiva de las actuaciones (con expresa referencia a las principales unidades de obra para acometer) y de su localización, con indicación del núcleo de población y de la calle donde se lleven a cabo estas. En este sentido, debe indicarse concretamente el núcleo o núcleos donde se actuará por su nombre propio, sin que sean admisibles referencias a una “zona”, “barrio” o “parroquia” o referencias semejantes. En las obras de mejora y conservación de la red viaria municipal, figurarán además los puntos quilométricos entre los que se ejecutan estas.

b) En las actuaciones plurianuales, a continuación de la descripción de las actuaciones, se hará constar esta condición, así como la anualidad a la que se refiere la inversión para la que se solicita la inclusión en el Plan de cooperación.

c) En las obras correspondientes a una fase determinada de un proyecto, a continuación de la descripción de actuaciones se hará constar la fase a la que se refiere la inversión para la que se solicita la inclusión en el Plan de cooperación. A estos efectos, debe tenerse en cuenta que cada fase debe tener la condición de una obra completa, susceptible de uso público independiente, sin perjuicio de su integración en un proyecto complejo.

d) Cuando una solicitud recoja obras de diversa naturaleza para satisfacer más de un servicio, se incluirán en primer lugar la denominación de la obra de mayor importe económico (por ejemplo, en una obra de abastecimiento y pavimentación, si el abastecimiento tiene mayor importe económico se describirá como “abastecimiento y pavimentación en..”).

e) En el presupuesto total de las obras estará incluido el IVA. No se considerarán incluidos, en cambio, los costes de redacción de proyectos ni los honorarios de dirección de obras y coordinación de seguridad y salud, que serán objeto de contratación independiente.

4. Para la formulación de sus solicitudes, los ayuntamientos deberán tener en cuenta los datos de la Encuesta de Infraestructuras y Equipamientos Locales.

5. *Elaboración del proyecto del Plan Provincial. Corrección de deficiencias*

Una vez terminado el plazo de formulación de solicitudes, el Negociado de Obras e Infraestructuras de la Sección de Contratación procederá a la elaboración del proyecto del Plan para el ejercicio 2016, que será sometido al dictamen de la comisión informativa de Planes Provinciales, Vías y Obras y Cooperación, y a la aprobación inicial por parte del Pleno en la sesión ordinaria de 29 de enero de 2016.

En el período de elaboración del documento, el Negociado de Obras e Infraestructuras comunicará telefónicamente a los ayuntamientos las posibles deficiencias observadas en las solicitudes, para su corrección urgente por los ayuntamientos dentro de dicho plazo.

6. *Consecuencias de la presentación extemporánea de solicitudes o de la falta de corrección de deficiencias.*

En el caso de que los ayuntamientos no remitan su solicitud dentro del plazo establecido, o no corrijan las deficiencias observadas, la Diputación no incluirá ninguna inversión para ese ayuntamiento en el Plan Provincial. El remanente de financiamiento resultante se destinará a las obras adicionales en la red viaria provincial.

4ª) *Tramitación del Plan Provincial*

Una vez aprobado inicialmente por el Pleno, el Plan Provincial será sometido a información pública por diez días hábiles mediante anuncio insertado en el Boletín Oficial de la Provincia. De no formularse alegaciones, éstas serán resueltas por el Pleno. De no formularse alegaciones, el Plan se considerará definitivamente aprobado.

Una vez aprobado definitivamente el plan, la Presidencia de la Deputación hará pública esta circunstancia mediante anuncio insertado en el Boletín Oficial de la Provincia, iniciándose el plazo de ejecución.

Las modificaciones relativas a las obras municipales que tengan que tramitarse a instancias de los ayuntamientos respectivos después de la aprobación definitiva del plan (tales como modificaciones de los presupuestos de las obras que afecten exclusivamente a las ayudas municipales, cambios en la denominación de las obras, incorporación y baja de obras del plan,..), serán autorizadas por acuerdo de la Junta de Gobierno provincial.

5ª) *Ejecución del Plan Provincial*

La competencia para la ejecución de las obras comprendidas en el Plan Provincial, tanto en lo relativo a las actuaciones en la red viaria provincial como a las obras municipales, le corresponderá a la Diputación Provincial mediante la contratación de dichas obras con empresa solvente a través de los procedimientos y con el régimen establecido para la contratación de obras públicas en la vigente legislación de contratos del sector público.

No obstante lo anterior, los ayuntamientos que realicen aportaciones complementarias por importe superior al 50% de la financiación comprometida por la Diputación provincial para ejecución material de las obras (52.500,00 € por término municipal), podrán solicitar la delegación para la contratación de la obra o las obras correspondientes.

En ningún caso podrá acordarse la ejecución por administración de las obras financiadas con cargo al plan provincial

La Diputación Provincial (y, en su caso, los ayuntamientos) deberán adjudicar las obras antes del 30 de julio de 2016 y las obras deberán quedar totalmente terminadas antes del 31 de diciembre de 2016; no obstante lo anterior, y siempre que concurra causa justificativa suficiente, podrá acordarse la prórroga del plazo de ejecución de las actuaciones incluidas en el plan por el tiempo indispensable para su terminación, con un máximo de un año contado desde la fecha de su adjudicación.

La contratación de las asistencias técnicas que tengan por objeto la redacción de proyectos y la dirección facultativa y la coordinación de seguridad y salud en las obras municipales, será realizada por la central de contratación de la Diputación con cargo al crédito consignado con tal fin en estas bases. No obstante lo anterior, se entenderá delegada la competencia para la contratación de dichas asistencias técnicas a favor de aquellos ayuntamientos que, en consideración a la inversión municipal comprometida, hayan solicitado la delegación de competencias para la contratación de las obras.

6ª) *Ejecución de las obras por la diputación*

1. La Diputación procederá a la contratación de las obras de la red viaria provincial (en todo caso) y de las obras municipales que no sean objeto de delegación de conformidad con la base anterior.

2. Para la contratación de las obras municipales por la Diputación, los ayuntamientos deberán cumplimentar, antes del 29 de abril de 2016, los siguientes trámites:

➤ Remisión a la Diputación Provincial del acuerdo del órgano municipal competente conteniendo las siguientes determinaciones:

a) Aprobación del proyecto técnico de obras.

b) Declaración expresa de que la actuación propuesta cumple con la legislación y la ordenación urbanística aplicable y dispone de las autorizaciones sectoriales exigibles. No obstante, cuando la autorización sectorial exigible sea de la propia Diputación en el ejercicio de sus competencias en materia de defensa de las carreteras provinciales no será necesario que el acuerdo municipal contemple este extremo, tramitando de oficio la Diputación la correspondiente autorización.

c) Puesta a disposición de la Diputación Provincial de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras.

➤ Remisión del acta de replanteo (planeamiento previo) de las obras, debidamente firmada por el alcalde y por el redactor del proyecto.

7ª) Ejecución de las obras por delegación

Para la ejecución de las obras municipales por delegación, los ayuntamientos deberán remitir a la Diputación, antes del 29 de abril de 2016, los documentos relacionados e el apartado segundo de la base anterior (a excepción de la puesta a disposición de los terrenos a favor de la diputación) junto con el proyecto técnico correspondiente -a dichos efectos, la solicitud de delegación de competencia para la contratación de las obras llevará implícita, de conformidad con la base 5ª, la delegación de a competencia para la contratación de la redacción del pertinente proyecto técnico y las demás asistencias técnicas complementarias a la ejecución de las obras- y el compromiso de efectuar las aportaciones necesarias para la financiación de la actuación en la cuantía necesaria para completar la aportación provincial.

Después de verificada la corrección y suficiencia de la documentación recibida, previo el informe favorable de la Oficina Provincial de Supervisión de Proyectos e Inspección de Obras, y comprometida la aportación municipal en el porcentaje exigido a dichos efectos, se concederá por resolución de la Presidencia la delegación de competencia para la contratación de las obras.

La Diputación librará el 75% de su aportación a la remisión del certificado acreditativo de la adjudicación de las obras y de formalización del pertinente contrato. El 25% restante se librará con la aportación del certificado de finalización de las obras junto con el acta de recepción y la foto del cartel de obra de conformidad con el modelo aprobado a dichos efectos por esta diputación.

8ª) Adquisición de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras. Expropiación forzosa.

En el supuesto en que sea necesaria la expropiación forzosa de bienes o derechos, el ayuntamiento le comunicará esta circunstancia a la Diputación, que procederá a dicha expropiación, siendo en cuenta del ayuntamiento los costes derivados de la expropiación. Para estos efectos, los ayuntamientos suscribirán un convenio de colaboración con la Diputación Provincial, en el que se recogerán las obligaciones del ayuntamiento en el procedimiento expropiatorio.

9ª) Régimen especial para los ayuntamientos en situación de insuficiencia financiera manifiesta.

Los ayuntamientos que, de conformidad con los criterios que seguidamente se determinan y tras la oportuna justificación previa da dicha circunstancia ante la Intervención Provincial, se encuentran en una situación manifiesta de insuficiencia financiera, podrán optar entre adherirse al régimen general contemplado en las bases anteriores o solicitar de la Diputación el ingreso en las arcas municipales en todo o parte del importe de la aportación provincial a las obras municipales (hasta 52.500,00 €) con destino a la amortización de operaciones de crédito concertadas en ejercicios anteriores o a la financiación de gasto corriente del ayuntamiento correspondiente a la prestación de servicios mínimos obligatorios, con exclusión de los gastos de retribuciones, aportaciones de coste y asistencias de cargos representativos o de designación política y de los gastos de servicios que se encuentren total o parcialmente financiados con aportaciones de la Diputación Provincial diferentes a las previstas en la presente base. La justificación de la utilización de los fondos percibidos al amparo de lo dispuesto en esta cláusula, se entregará antes del 1 de diciembre de 2016 mediante cuenta justificativa firmada por el alcalde y el interventor de fondos del ayuntamiento, con sujeción a lo dispuesto en la legislación vigente en materia de subvenciones.

A los efectos de lo establecido en esta base, se considerarán incursos en situación de insuficiencia financiera manifiesta a los ayuntamientos que en la liquidación del ejercicio de 2014 presenten resultado presupuestario negativo y remanente de tesorería negativo.

Asimismo, los ayuntamientos cuyo nivel de endeudamiento fuese superior al 110% en el año 2014 podrán disponer de esta cantidad para pagar de deuda.

10ª) Régimen especial para la Entidad Local Menor de Berán

La Entidad Local Menor de Berán, en los mismos términos fijados en las bases anteriores para los ayuntamientos, podrá beneficiarse de una aportación provincial por importe de 26.250,00 € con destino a inversiones en servicios de su competencia o, en su caso, la amortización de operaciones de crédito concertadas en ejercicios anteriores o a la financiación de gasto corriente de la entidad previa a la justificación de encontrarse incurso en situación de insuficiencia financiera manifiesta.

II.- Ordenar la publicación de las bases en el BOP de Ourense, para conocimiento de los ayuntamientos y entidades locales interesados.

Eso se publica y se advierte que contra este acuerdo las entidades locales interesadas podrán interponer un recurso contencioso-administrativo, en el plazo de dos meses, ante los Juzgados de lo Contencioso-Administrativo de Ourense. Además, al amparo de lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, podrán formular requerimiento de anulación o revocación del acto, en el plazo de 2 meses y con carácter previo al ejercicio de acciones en vía contenciosa. Los plazos indicados se computarán a partir del día siguiente a la publicación de este anuncio, teniendo en cuenta que el plazo para la interposición del recurso contencioso-administrativo, -en caso de que se formule el requerimiento previo-, se contará desde el día siguiente a aquel en que se reciba la comunicación del acuerdo expreso sobre dicho requerimiento o se entienda presuntamente rechazado.

Ourense, 30 de septiembre de 2015. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 3.538